enmarea.gal

# PLENARIO DE EN MAREA

## 13 DE XULLO DE 2019

**Emendante/s:**
Quico Lourenzo, Angeles Faraldo Vallés, Bieito Lourenzo, Pepa Faraldo, Concha Sanchez

**Documento que se emenda:** (Marcar cun *)

( ) Tese política: Apuntes para o futuro político dende a marea
( x) Documento organizativo: Afondar nos acordos de Vigo
( ) Regulamento para o Plenario das Mareas
( ) Regulamento para a elección do Consello das Mareas

1

**Páxina/s:** 1 **Liña/s:** 20

**Tipo de emenda emenda:** (Marcar cun *)

( ) Eliminación
( ) Substitución
( x ) Engádega

**Texto da emenda:**

A partir da liña 20 engadir:

A maioria social é consciente de que non temos outro planeta e temos a obriga de coidar deste para que a Vida sexa sostible a longo prazo, compre reafirmanos neste compromiso co futuro do planeta e da súa biodiversidade.

En Marea no 2016 definiase tamén como un proxecto construido dende a base para dar cabida a todas as persoas que interpelabamos por outra maneira de facer politica e de participar en politica, as teses politicas aspiracionais de ser espazo de cambio transformador onde todas a cidadania poida participar mais ala de recibir información seguen vixentes, a maneira de construirnos cara esa estructura de participacion pasa necesariamente pola implementacion de todas as ferramentas informáticas necesarias para poder participar mais ala da participacion fisica nos plenarios.

Mantense o compromiso de seguer traballando na mais ampla participacion da nosa base social nas decisions de En Marea. A nosa forza e a nosa base identitaria como forza do cambio xurde da necesidade de crear espazos participativos onde todas sintamonos comodas de traballar e participar, polo tanto a

nosa conformacion como organización diferente ao resto da oferta politica clasica é o que nos da a forza para ser En Marea é o que nos fai diferentes é precisamente como nos organizamos.

A estas alturas do 2019 unha certeza que temos é que a confluencia entre estructuras partidarias e cidadania non organizada politicamente fracasou, a confluencia entre partidos tan desexada non chegou a funcionar como estaba deseñada, os partidos que estaban a participar da construccion dun suxeito novo e que polo tanto debian ceder a sua soberania a En Marea e funcionar como "motores auxiliares" non tiveron a capacidade ou non quixeron dar ese paso necesario para seguer afondando na construccion deste novo espazo politico de adscripcion individual. Este comportamento por parte das organizacións politicas que participaban do proceso foi o mesmo tanto a nivel nacional Galego como a nivel municipal levando ao desastre das eleccions municipais deste ano 2019.

O documento politico de En Marea aprobado o 17 de decembro de 2016 en Compostela ten vixencia na sua parte aspiracional de querer ser un novo suxeito politico galego e non a suma de partes. Pola contra hai aspectos organizativos que compre revisar e mellorar á vista destes anos de experiencia organizativa.

## Explicación da emenda:



Non debemos confundir os niveis de discurso necesario para facernos entender como proxecto de construccion nacional Galega, por unha parte esta a maioria social a que aspiramos a convencer da nosa utilidade e polo tanto que depositen a sua confianza en forma de voto nos diferentes procesos electorias nos que participamos e pola outra parte esta o discurso interno de como nos organizamos para ser esa ferramenta util de cambio, de tranformacion social e de participacion que aspirabamos a ser cando empezamos a camiñar como organizacion cos documentos base da Marea Constituinte de Vigo.
Idealmente a aspiración é que eses dous espazos fosen o mesmo, o electoral e o militante, pero non o son, a realidade é que a ampla participacion a que apelabamos para de verdade ser un reflexo da sociedade a que aspiramos a representar non é a desxada pero isto non inhabilita a necesidade de profundizar na creacion dese espazo de participacion onde ca axuda das tecnoloxias podamos cosntruir a ferramenta dunha nova etapa de futuro.

A nivel municipal pusose tamén de manifesto un ataque por parte dalgunhas Mareas municipais a que está chamada a ser a ferramenta de construccion Nacional Galega dese espazo politico de cambio, En Marea creando si cabe mais confusión no electorado e incluso na base social que participa de En Marea e desmotivando a aquela parte do electorado que confiaba no proxecto municipalista asi como no proxecto nacional de En Marea
O documento politico de En Marea aprobado o 17 de decembro de 2016 en Compostela ten vixencia hoxe na sua parte aspiracional de querer ser un suxeito politico novo galego e non a suma de partes, no momento que cidadania organizada politicamente queira participar esta definido de que maneira seria esa confluencia mentres tanto debemos seguir camiñando moi conscientes de que os que eran os nosos aliados agora presentasen ante a cidadania como o que son unha coalicion de partidos clasica onde a participación esta unicamente circunscrita as cupulas partidarias e a miltancia

en marea
enmarea.gal

# DITAME

**PROPOSTA DA COMISIÓN DO PLENARIO E DO CONSELLO DAS MAREAS:**

# APROBADA